

EU CAPITÁN

Matteo Garrone, 2023

1221

EU CAPITÁN

Matteo Garrone, 2023

1221

ESTREA EN NUMAX: 03.01.2024 | V.O.S.E. | +16 | 121 min

“Eu Capitán” conta a épica historia de dous curmáns que abandonan Dakar para ir a Europa. Nesta odisea contemporánea, os mozos deberán superar múltiples obstáculos nunha loita pola supervivencia a través do deserto e o mar.

«Ao mundo viríalle ben prestar atención á historia de Seydou e aos millóns de historias reais como esta»

Leila Latif, INDIEWIRE

ESTREA EN NUMAX: 03.01.2024 | V.O.S.E. | +16 | 121 min

“Eu Capitán” conta a épica historia de dous curmáns que abandonan Dakar para ir a Europa. Nesta odisea contemporánea, os mozos deberán superar múltiples obstáculos nunha loita pola supervivencia a través do deserto e o mar.

«Ao mundo viríalle ben prestar atención á historia de Seydou e aos millóns de historias reais como esta»

Leila Latif, INFIEWIRE



Un filme bárbaro

Por Luis Martínez

O máis estraño e por definición alleo pode ser o máis propio e persoal. A inmigración no ideario de Occidente está indisolublemente ligada á metáfora dos bárbaros cuxa principal misión non é outra que invadirnos. E moito. Dino Buzzati imaxinou a fronteira n'*O deserto dos tártaros* como ese lugar inhóspito á espera sempre postergada da chegada dos outros. E no baleiro da infinita demora quedaba a perfecta imaxe de case todo o absurdo. Un paso máis aló, J. M. Coetzee construíu a axustada metáfora do distinto que nos aterroriza en *Esperando aos bárbaros*. Os nómades eran pola súa simple condición de estranxeiros o pretexto para unha ameaza que acababa por ser autodestrución. E así.

Eu capitán, película recentemente presentada en Venecia, dálle a volta ao imaxinario máis clásico, o do temor ao diferente e pobre, para desde o tamén máis clásico dos relatos, *A Odisea*, contarnos a historia dun emigrante. De súpeto, o home doutro mundo achégase e a medida que os seus trazos se van perfilando e viran máis nítidos, o seu rostro é só espello. El somos nós. Abofé.

“Quixen mostrar o contracampo das miñas primeiras películas de mediados dos 90 *Terra dei Mezzo* (1996) e *Ospiti* (1998), onde narraba a vida a pé de rúa dos de fóra que vivían xa dentro de Italia”, di. Agora, e en consecuencia, o que fai é seguir os pasos desde Dakar ata Sicilia de dous amigos (Moustapha Fall e Seydou Sarr) que tamén e desde a nosa perspectiva de atentos televidentes de catástrofes alleas tamén son dous bárbaros. O seu camiño levaraos a enfrontarse con todo tipos de monstros: hai xigantes como Polifemo, e crueis desmemoriados como os lotófagos, e lestrigóns que comen carne humana, e feiticeiras tan letais como Circe, e sereas encantadoras que agochan a morte, e ata criaturas máis letais que Escila e Caribdis. Doutro xeito, hai traficantes de seres humanos, e explotadores de desesperados, e estafadores, e asasinos, e unha Europa que se decata que no seu desconcerto xa non sabe exactamente quen é (como os lotófagos). E así.

En realidade, e aí a clave e o sentido, eles non son máis que novas versións, exactamente igual de heroicas, de Ulises, só pendentes de chegar a un sitio que poidan chamar casa. Eles son, outra vez, nós. Garrone utiliza a gramática profundamente empática, case subxectiva, do seu traballo xa clásico *Gomorra* (2008) sen renunciar a ese empeño de recompoñer a mecánica profunda dos contos de sempre que ordenaban películas como *O conto dos contos* (2015), *Dogman* (2018) ou *Pinocho* (2019).

Toda Eu capitán vívese e experimentase na retina como unha fita de aventuras antes que como unha traxedia existencial ou un drama entregado á denuncia. Por suposto que hai moito de drama desaforado e aínda máis de manifesto político contra a brutalidade, pero o que mantén a fita en pé, e ata suspendida sobre a imaxinación do espectador, é a súa vocación de facer coincidir a desesperación, pena e, chegado o caso, ledicia dos protagonistas coa propia. De feito, todo o relato, que foxe en todo momento do miserabilismo e que discorre por paisaxes afastadas e desertos exóticos, vaise cosendo a medida que avanza co máis íntimo, con calquera relato soñado. E así ata conseguir de maneira tan brillante como emotiva que o de fóra sexa tamén o de dentro; e eles, nós.

Chegaron os bárbaros e, para sorpresa de ninguén, buscan o mesmo que nós, queren o que nós e son exactamente igual a nós. Que barbaridade de película.

Un filme bárbaro

Por Luis Martínez

O máis estraño e por definición alleo pode ser o máis propio e persoal. A inmigración no ideario de Occidente está indisolublemente ligada á metáfora dos bárbaros cuxa principal misión non é outra que invadirnos. E moito. Dino Buzzati imaxinou a fronteira n'O deserto dos tártaros como ese lugar inhóspito á espera sempre postergada da chegada dos outros. E no baleiro da infinita demora quedaba a perfecta imaxe de case todo o absurdo. Un paso máis aló, J. M. Coetzee construíu a axustada metáfora do distinto que nos aterroriza en *Esperando aos bárbaros*. Os nómades eran pola súa simple condición de estranxeiros o pretexto para unha ameaza que acababa por ser autodestrución. E así.

Eu capitán, película recentemente presentada en Venecia, dálle a volta ao imaxinario máis clásico, o do temor ao diferente e pobre, para desde o tamén máis clásico dos relatos, *A Odisea*, contarnos a historia dun emigrante. De súpeto, o home doutro mundo achégase e a medida que os seus trazos se van perfilando e viran máis nítidos, o seu rostro é só espello. El somos nós. Abofé.

“Quixen mostrar o contracampo das miñas primeiras películas de mediados dos 90 *Terra dei Mezzo* (1996) e *Ospiti* (1998), onde narraba a vida a pé de rúa dos de fóra que vivían xa dentro de Italia”, di. Agora, e en consecuencia, o que fai é seguir os pasos desde Dakar ata Sicilia de dous amigos (Moustapha Fall e Seydou Sarr) que tamén e desde a nosa perspectiva de atentos televidentes de catástrofes alleas tamén son dous bárbaros. O seu camiño levaraos a enfrontarse con todo tipos de monstros: hai xigantes como Polifemo, e crueis desmemoriados como os lotófagos, e lestrigóns que comen carne humana, e feiticeiras tan letais como Circe, e sereas encantadoras que agochan a morte, e ata criaturas máis letais que Escila e Caribdis. Doutro xeito, hai traficantes de seres humanos, e explotadores de desesperados, e estafadores, e asasinos, e unha Europa que se decata que no seu desconcerto xa non sabe exactamente quen é (como os lotófagos). E así.

En realidade, e aí a clave e o sentido, eles non son máis que novas versións, exactamente igual de heroicas, de Ulises, só pendentes de chegar a un sitio que poidan chamar casa. Eles son, outra vez, nós. Garrone utiliza a gramática profundamente empática, case subxectiva, do seu traballo xa clásico *Gomorra* (2008) sen renunciar a ese empeño de recompoñer a mecánica profunda dos contos de sempre que ordenaban películas como *O conto dos contos* (2015), *Dogman* (2018) ou *Pinocho* (2019).

Toda Eu capitán vívese e experimentase na retina como unha fita de aventuras antes que como unha traxedia existencial ou un drama entregado á denuncia. Por suposto que hai moito de drama desaforado e aínda máis de manifesto político contra a brutalidade, pero o que mantén a fita en pé, e ata suspendida sobre a imaxinación do espectador, é a súa vocación de facer coincidir a desesperación, pena e, chegado o caso, ledicia dos protagonistas coa propia. De feito, todo o relato, que foxe en todo momento do miserabilismo e que discorre por paisaxes afastadas e desertos exóticos, vaise cosendo a medida que avanza co máis íntimo, con calquera relato soñado. E así ata conseguir de maneira tan brillante como emotiva que o de fóra sexa tamén o de dentro; e eles, nós.

Chegaron os bárbaros e, para sorpresa de ninguén, buscan o mesmo que nós, queren o que nós e son exactamente igual a nós. Que barbaridade de película.